

# ENCUNTROS VIRTUAIS

## XUNTA - UE

### STEP: o financiamento europeo de tecnoloxías estratéxicas

<b>Data</b>	18 de setembro de 2024
<b>Lugar</b>	En liña
<b>Organización</b>	Fundación Galicia Europa
<b>Asistentes</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes</li> <li>▪ Consellería de Facenda e Administración Pública</li> <li>▪ Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático</li> <li>▪ Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional</li> <li>▪ Consellería de Medio Rural</li> <li>▪ Consellería de Emprego, Comercio e Emigración</li> <li>▪ Consellería de Economía e Industria</li> <li>▪ Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude</li> <li>▪ Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas</li> <li>▪ Axencia Galega de Innovación (GAIN)</li> <li>▪ Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)</li> </ul>
<b>Relator</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Carlos Arsuaga e Irati Icardo</b>, responsables de políticas da <i>task force</i> para STEP da Comisión Europea</li> </ul>

## Introducción

A directora da oficina de Bruxelas da Fundación Galicia Europa, Ana Ramos, inaugurou a primeira reunión tralas vacacións de verán do ciclo 'Encontros Virtuais Xunta-UE', o foro de debate entre o goberno galego e as institucións europeas. A sesión serviu para **analizar as oportunidades ofrecidas pola Plataforma de Tecnoloxías Estratéxicas para Europa (STEP)**, unha xanela única que busca axudar a **fortalecer a competitividade industrial da UE** ao mesmo tempo que se **reducen as dependencias externas**. Na súa intervención inicial, a directora avogou pola **presenza e participación das rexións en iniciativas coma esta, no marco do principio de non prexudicar á cohesión**.

A través da STEP foméntase a tecnoloxía limpa e eficiente en recursos, a tecnoloxía dixital, a biotecnoloxía e a tecnoloxía profunda. **A plataforma mobiliza fondos a través de 11 programas europeos**, incluído o Mecanismo de Recuperación y Resiliencia (MRR), *InvestEU* ou os fondos estruturais. A iniciativa naceu á luz da última crise, pero **non pode descartarse o seu ánimo de continuidade**, xa que a *administración von der Leyen* intentará neste novo mandato conxugar o equilibrio entre o impulso da transición ecolóxica e o fomento da competitividade.

Nesta ocasión, a visión europea foi achegada por **Carlos Arsuaga e Irati Icardo, responsables de políticas na task force para STEP**. A perspectiva e a experiencia galega correu a cargo de **Ángel Tarrío, director xeral de Cohesión e Fondos Europeos**.

## Resumo da reunión

Nun contexto de **competencia global** polo desenvolvemento de **tecnoloxías estratéxicas** que permitan a **adaptación ó cambio climático e á economía dixital**, resulta crítico garantir a capacidade da industria europea neste campo para **manterse á vangarda internacional**. Sen embargo, a Unión Europea debe afrontar diferentes retos que limitan a súa capacidade de asegurar este obxectivo.

O pasado **11 de setembro, Mario Draghi**, antigo presidente do Banco Central Europeo, fixo pública unha **análise** na que de forma pormenorizada se identificaban diferentes obstáculos que a UE debe atallar para **asegurar a competitividade da súa industria**. Estes obstáculos presentados no informe refírense principalmente á **decrecente produtividade** que segundo Draghi caracteriza á economía europea, a un **crecente grado de dependencia do exterior**, e a **unha insuficiente integración dos mercados de capitais** dos diferentes estados membros que impide a realización de proxectos de grande interese común. Para facerlles fronte, e entre outras cousas, Draghi manifesta na súa análise a **necesidade de acelerar e mellorar a capacidade produtiva e innovativa de Europa en sectores tecnolóxicos** tradicionais e do futuro a través

dunha nova política industrial que, sen embargo, **non esqueza a cohesión entre territorios**.

Neste contexto de crise, e en vista dunha posible extensión no período post-2027, a Comisión Europea propuxo en 2023 a **creación dunha plataforma que permita potenciar e facilitar proxectos encamiñados a superar estas debilidades** da Unión.

## 1. OBXECTIVOS DE STEP

Proposto pola Comisión Europea en xuño de 2023, e sendo adoptado polo Consello e o Parlamento Europeo en febreiro de 2024, o Regulamento (UE) 2024/795 establece a **Plataforma de Tecnoloxías Estratéxicas para Europa (STEP** polas súas siglas en inglés), un instrumento que pretende dar resposta ós grandes retos de competitividade industrial e dependencia da Unión Europea, mobilizando ata un máximo de 1 500 millóns de euros procedentes de programas financeiros existentes.

### I. Obxectivos

- a. Apoiar o desenvolvemento ou fabricación de tecnoloxías críticas ou a salvagarda e fortalecemento das cadeas de valor destas tecnoloxías críticas.
- b. Abordar a escaseza de man de obra e a carencia de capacidades.

### II. Condicións (non acumulativas)

- a. Aportar ao mercado único un elemento innovador e de vangarda cun importante potencial económico.
- b. Contribuír a reducir ou a impedir as dependencias estratéxicas da UE.

### III. Sectores

As **tecnoloxías susceptibles de entrar dentro do ámbito de aplicación** deste Regulamento **deben estar comprendidas dentro dalgunha das tres categorías** establecidas polo artigo 2 do texto, e que son:

- a) **Tecnoloxías dixitais**, incluídas aquelas que, como a intelixencia artificial, contribúan a acadar as metas e obxectivos do **Programa Estratéxico da**

**Década Dixital para 2030**<sup>1</sup>, de proxectos plurinacionais a gran escala<sup>2</sup>, e a innovación de tecnoloxía profunda<sup>3</sup>.

- b) **Tecnoloxías limpas e eficientes no uso de recursos**, incluídas as tecnoloxías que, como baterías, bombas de calor ou paneis solares, sexan consideradas de cero emisións netas, tal e como se definen na Lei sobre a industria de cero emisións netas<sup>4</sup>.
- c) **Bioteconoloxías**, incluídos os medicamentos que figuran na lista da Unión Europea de medicamentos esenciais e os seus compoñentes<sup>5</sup>.

## 2. CARACTERÍSTICAS DE STEP

Con ánimo de acadar os obxectivos para o cal foi establecido, o Regulamento STEP baséase nas seguintes accións: a **reprogramación e reforzo de programas existentes**, o **establecemento dun distintivo “Selo de Soberanía”** para aqueles proxectos de especial interese e a **creación dun “portal de soberanía” xestionado pola Comisión Europea**, unha xanela única en liña para promocionar información sobre o apoio dispoñible para proxectos que contribúan aos obxectivos STEP.

Ademais, o financiamento para proxectos STEP poderase acumular a través de programas de diferentes modelos de xestión. É dicir, un proxecto que obtivera financiamento a través dun dos programas de xestión directa poderá simultaneamente optar a financiamento a través doutro programa de xestión compartida ou indirecta. Esta acumulación de financiamento para proxectos STEP fomentárase a través do “Selo de Soberanía”.

---

<sup>1</sup> O **Programa Estratéxico** da Década Dixital para 2030 busca realizar inversións para crear, entre outras cousas, un entorno dixital inclusivo, transparente e aberto e garantir infraestruturas e tecnoloxías dixitais máis sostibles, resilientes e eficientes dende o punto de vista enerxético e de recursos. Regulado mediante a **Decisión** 2022/2481 de 14 de decembro de 2022, pola que se establece o programa estratéxico da Década Dixital para 2030.

<sup>2</sup> Artigo 2.2 da Decisión 2022/2481 de 14 de decembro de 2022, pola que se establece o programa estratéxico da Década Dixital para 2030.

<sup>3</sup> Por *tecnoloxía profunda* ou *deep tech* débense entender aquelas innovacións tecnolóxicas que van máis aló do existente ata o momento e que significan un avance nun certo ámbito.

<sup>4</sup> **Regulamento** 2024/1735 de 13 de xuño de 2024 polo que se establece un marco de medidas para reforzar o ecosistema europeo de fabricación de tecnoloxías de cero emisións netas e se modifica o Regulamento 2018/1724. O seu artigo 3 define “tecnoloxía de cero emisións netas” como os produtos finais, compoñentes concretos e máquinas específicas que se utilizan para a fabricación de ditos produtos, entre os cales se inclúen as baterías, bombas de calor, paneis solares, tecnoloxías de captura de carbono, ou tecnoloxías de eficiencia enerxética entre moitos outros.

<sup>5</sup> Tal e como **recolle** a Axencia Europea do Medicamento, esta lista aínda está en proceso de redacción.

## I. Reprogramación de programas financeiros

O financiamento dos proxectos STEP lévase a cabo co apoio dos programas existentes no Marco Financeiro Plurianual (MFP) 2020-2027, tal e como recolle o artigo 3 do texto. Os programas abertos a proxectos STEP son os seguintes<sup>6</sup>:

a) **Programas de xestión directa**- o propio Regulamento STEP modificou as diferentes normas polas cales se establecen as convocatorias e criterios de selección de proxectos dentro dos programas de xestión directa.

- **Horizonte Europa**
- **Programa Europa Dixital**
- **Programa EU4Health**
- **Fondo de Defensa Europeo**
- **Fondo de Innovación**

b) **Programas de xestión compartida**- requírese ás autoridades encargadas da súa execución que realicen as modificacións pertinentes para incluír os proxectos STEP dentro da súa programación e que estas sexan notificadas á Comisión Europea. **Unha vez notificadas, as reprogramacións STEP serán revisadas pola institución nun prazo de dous meses e supliran á revisión intermedia do MFP<sup>7</sup>**, que terá que levarse a cabo no primeiro trimestre de 2025. Existe, ademais, **a posibilidade de aplicar unha porcentaxe de cofinanciamento do 100% aos programas de cohesión.**

- **Fondo de Desenvolvemento Rexional Europeo (FEDER):** amplíase o ámbito de aplicación da axuda do FEDER prevendo novos obxectivos específicos. Os recursos programados para tales obxectivos deben limitarse a un máximo do 20% da asignación nacional inicial do FEDER.

---

<sup>6</sup> O diferentes programas financeiros da Unión Europea son xestionados e executados a través de diferentes modalidades: os programas des **xestión directa** son executados pola Comisión Europea e as súas axencias directamente a través de convocatorias publicadas no **Portal de Financiamento e Licitacións da UE**, mentres que nos programas de **xestión compartida**, os fondos son transferidos ás autoridades correspondentes dos estados membros para a súa execución. Finalmente, os programas de **xestión indirecta** son executados por outras autoridades ou entidades baixo a supervisión da Comisión Europea. Para máis información pódese visita a **páxina web** da Comisión Europea sobre modos de execución do financiamento.

<sup>7</sup> Algúns programas españoles xa foron revisados, ó igual que outros programas de 6 Estados membros.

- **Fondo Social Europeo+ (FSE+)**
- **Fondo de Transición Xusta (FTX)**
- **Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR)**
- **Fondo de Cohesión**

c) **Programas de xestión indirecta: *InvestEU***

## II. Establecemento dun “Selo de Soberanía”

O artigo 4 do Regulamento STEP establece a creación dun “**Selo de Soberanía**” outorgado pola Comisión Europea a **todo aquel proxecto que contribúa a alcanzar algún dos obxectivos de STEP**. Este debe servir como “certificación de calidade” para axudar ós proxectos a atraer investimentos públicos e privados, ao tempo que anima aos Estados membros a telo en conta a hora de conceder axudas financeiras mediante fondos propios. **A Comisión Europea agarda conceder 150 Selos de Soberanía ata finais de 2024.**

Os proxectos que reciban o “Selo de Soberanía” deben ter sido avaliados e ter cumprido cos **requisitos mínimos de calidade, establecidos nunha convocatoria no marco de Horizonte Europa, o Fondo europeo de Defensa, o Fondo de Innovación, o programa UEproSaúde ou o programa Europa Dixital**, independentemente de se o proxecto recibiu financiamento dalgún destes instrumentos.

O Selo de Soberanía será válido durante toda a execución do proxecto, e deixará de selo se tal execución non comezou nos cinco anos seguintes á concesión do Selo ou se o proxecto mudou a súa localización fóra da Unión.

Ademais:

- O Selo de Soberanía debe promover un mellor acceso ao financiamento da UE, en particular “facilitando o financiamento acumulativo ou combinado de varios instrumentos”
- E posible a **acumulación e combinación de programas de financiamento conforme ás normas aplicables a cada instrumento**. Porén, os **proxectos recoñecidos como estratéxicos en conformidade co Regulamento sobre a Industria de Cero Emisións Netas e o Regulamento de Materias Primas Fundamentais** poderán optar á **acumulación de financiamento aínda que non obteñan o Selo de Soberanía**, sempre e cando cumpran coas normas específicas de cada programa e non financien os mesmos custos.

- Nas revisións que leven a cabo os estados membros dos seus plans de recuperación e resiliencia **deberanse considerar como prioritarios aqueles proxectos que obtiveran este distintivo.**
- Os Estados membros poderán incluír como medida dos seus plans de recuperación e resiliencia unha **contribución en efectivo para o compoñente de InvestEU, axudando así a lograr os obxectivos de STEP, a cal poderá acadar ata o 6% da asignación financeira total do seu plan a este compoñente.**

### III. Creación do “Portal de Soberanía”

O artigo 6 do Regulamento STEP establece a creación dun Portal de Soberanía no que se **comparta información de relevancia** para o financiamento e execución dos proxectos STEP. Máis concretamente, o portal internet recollerá a seguinte información:

- d) **Información sobre programas de financiamento da Unión** pertencentes ó ámbito de aplicación do Regulamento STEP e as licitacións en curso e futuras relacionadas cos seus obxectivos.
- e) **Detalles sobre proxectos ós que se lle outorgara o Selo de Soberanía.**
- f) **Detalles sobre proxectos considerados estratéxicos** en virtude do Regulamento sobre a Industria de Cero Emisións Netas e o Regulamento de Materias Primas Fundamentais.
- g) **Detalles sobre proxectos que apoien os obxectivos STEP** que foran seleccionados para recibir axuda no marco do FEDER, Fondo de Cohesión, FSE+ ou o Fondo de Transición Xusta, tras ser comunicados á Comisión Europea.
- h) **Datos de contacto das autoridades (puntos de información) nacionais competentes** designadas. No caso de España, a autoridade de contacto competente é a **Dirección Xeral de Fondos Europeos do Ministerio de Facenda e Función Pública**<sup>8</sup>.

En abril de 2024, a Comisión Europea publicou a primeira versión deste Portal de Soberanía. **Dende comezos de setembro** do mesmo ano está dispoñible a **nova versión da páxina web** na que, ademais da información previamente mencionada, tamén se recolle un **servizo de apoio á industria** e unha **guía con exemplos de proxectos elixibles**.

---

<sup>8</sup> O contacto para proxectos STEP en España pódese realizar a través dos enderezos electrónicos [DGfondosEuropeos@sepg.hacienda.gob.es](mailto:DGfondosEuropeos@sepg.hacienda.gob.es) e [SGPROGEV@sepg.hacienda.gob.es](mailto:SGPROGEV@sepg.hacienda.gob.es).

### 3. OUTRAS ACCIÓNS DA COMISIÓ EUROPEA

- Dentro da Dirección Xeral de Orzamentos (DG BUDGET) creouse un grupo de traballo específico (*STEP task force*) co fin de asesorar e proveer información ás partes interesadas.
- Existe unha coordinación entre as diferentes direccións xerais, que se manteñen mutuamente informadas sobre os proxectos STEP implementados baixo os seus ámbitos de actuación.
- Elabórase un **boletín** mensual con novas sobre STEP para as persoas interesadas.
- Estase elaborando unha base de datos con información sobre o orzamento da Unión que foi destinado a proxectos STEP no período anterior.



## Ligazóns de interese

- **Noticia FGE:** *Xunta e Comisión Europea analizan as oportunidades ofrecidas pola plataforma STEP*
- **Regulamento 2024/795** polo que se crea a Plataforma de Tecnoloxías Estratéxicas para Europa (STEP)
- **Comunicación da Comisión.** *Nota de orientación relativa a determinadas disposicións do Regulamento 2024/795*
- **Comunicación da Comisión.** *Orientación sobre os plans de recuperación e resiliencia*
- **Brochure** para as autoridades de xestión
- **Páxina web** da plataforma STEP
- **Seminario virtual** sobre a importancia de STEP para a política de cohesión
- **Servizo de apoio á industria** sobre a plataforma STEP
- **Informe** de Mario Draghi. *The future of European competitiveness. A competitiveness strategy for Europe.*